

**Criterios de selección:**

Por rigorosa orde de recepción da solicitude de inscrición, daráselle prioridade ao seguinte:

-Traballadores en activo de pequenas e medianas empresas, e profesionais autónomos pertencentes ao sector de serradoiros e rematantes da madeira asociados a Fearnaga.

-Traballadores en activo de pequenas e medianas empresas, e profesionais autónomos pertencentes ao sector de serradoiros e rematantes da madeira non asociados a Fearnaga.

-Alumnos en xeral.

**Datos persoais:**

Nome e apelidos:...

DNI/pasaporte:...

Nº seguridade social:...

Data de nacemento:...

Idade: ...

Sexo:...

Enderezo:...

Teléfono:...

Correo electrónico:...

Datos laborais: Autónomo.... Traballador pequena e mediana empresa...

Datos da empresa:

Nome:...

CIF:...

Enderezo:...

Teléfono:...

Fax:...

Data e sinatura do solicitante,

## **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

*Orde do 22 de marzo de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Turismo responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia, que establece no seu artigo 27.19º como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia, e no artigo 32, que corresponde á nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Turismo asume as competencias que a facultan ao deseño, programación,

desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes.

Correspóndelle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos, a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos e colectivos, persoas físicas, corporacións locais e industrias culturais.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Turismo con esta orde quere establecer un instrumento que marque as pautas para unha distribución, de acordo cos criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados ao fomento da actividade cultural, con base nos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo isto,

### **DISPOÑO:**

#### **Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.**

1. Esta orde ten como obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de programas ou actividades culturais polos concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, que sexan solicitadas á Consellería de Cultura e Turismo conforme o procedemento que a continuación se establece.

Inclúense nesta orde os programas e actividades desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2010 até a data límite de xustificación desta orde.

2. Financiaranse, especialmente, as iniciativas que teñan por obxecto desenvolver programacións estables de artes escénicas e musicais; as de fomento do libro e a lectura; as actuacións con especial incidencia na xuventude e na infancia, e as que contribúan á conciencia e á loita contra a violencia de xénero.

3. Quedan excluídos desta orde os cursos de idiomas; informática; excursións; campamentos; adquisición de equipamentos, excepto aqueles materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade; edición de libros; as festas gastronómicas e as festas locais ou patronais, agás as actividades e os programas especificamente culturais a elas asociados e que respondan ao previsto nesta orde. Así mesmo, tampouco se poden acoller a esta orde aqueles programas ou actividades en que xa colabore economicamente a Consellería de Cultura e Turismo.

4. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán

examinadas por unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. No desenvolvemento desta orde observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.

d) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

E supletoriamente:

e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que será de aplicación só nos seus preceptos básicos.

g) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 2º.-*Imputación orzamentaria e contía.*

1. A convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.432B.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010, por un importe máximo de trescentos mil euros (300.000 €), sen prexuízo de que este orzamento inicial poida ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

3. A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade de vinte mil euros (20.000 €). Así mesmo, cada solicitante non poderá acadar unha axuda superior ao 75% do orzamento total da actividade subvencionable.

4. O importe máximo destas subvencións non poderá, en ningún caso, superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias, xa sexa illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións, ou entes públicos ou privados.

#### Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán optar a estas subvencións os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes que, individualmente ou asociados con outros, acorden levar a cabo un programa de actividades culturais común.

Nas mesmas condicións poderán optar tamén as entidades públicas con personalidade xurídica propia dependentes deles e que teñan asumidas competencias en materia de cultura.

2. Quedan excluídos tamén aqueles que incorran nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 4º.-*Presentación de solicitudes, prazo e documentación.*

1. Os concellos, agrupacións de concellos ou entidades públicas dependentes con personalidade xurídica que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante instancia dirixida ao conselleiro de Cultura e Turismo ou ao xefe territorial da Consellería de Cultura e Turismo que corresponda segundo o modelo que figura como anexo I. A instancia poderá presentarse na oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia, ou nos rexistros das xefaturas territoriais, ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Á solicitude xuntarase a documentación que a seguir se relaciona:

a) Memoria detallada dos programas ou actividades para as cales solicita subvención, que deberá facer mención, como mínimo, aos seguintes aspectos:

-Interese de cada programa ou actividade.

-Potencial número de beneficiarios/as de cada programa ou actividade.

-Repercusión territorial de cada programa ou actividade.

b) Calendario de execución de cada programa ou actividade.

c) Orzamento desagregado e detallado de cada programa ou actividade, con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados.

d) Voluntariamente poderá achegarse calquera outra documentación que o concello solicitante

entenda que é pertinente para unha mellor valoración do programa ou actividade presentado.

e) No caso de festivais, o proxecto deberá facer mención expresa dos seguintes puntos:

- Historia do festival para o cal se solicita a axuda.
- Traxectoria na organización e realización de festivais.
- Ámbito territorial dos participantes.
- Premios.
- Impacto social e cultural do festival.

f) Memoria das actividades culturais realizadas polo concello no ano anterior e, de ser o caso, a documentación que acredite a formación específica en materia cultural por parte do persoal que participou no seu desenvolvemento.

g) Certificado do secretario ou do interventor facendo constar o orzamento de gastos destinado ás actividades culturais no ano en que se concede a subvención. No caso de que nas datas de presentación da solicitude os orzamentos do concello non estivesen aprobados, indicárase o correspondente ao orzamento prorrogado.

h) Anexo II, cuberto.

3. Cando a solicitude consista nun conxunto de actividades programadas e presentadas por dous ou máis concellos, faranse constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda que van aplicar cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios, polo que non poderán solicitar singularmente axudas para a mesma finalidade. Nestes casos, deberá nomearse un representante único da agrupación para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Os anexos I e II desta poderanse obter, ben fotocopiándoos do *Diario Oficial de Galicia* en que se publique a convocatoria de axudas, ou ben na páxina da internet <http://culturaeturismo.xunta.es/>.

Artigo 5º.-*Emenda de solicitudes.*

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con advertencia de que, de non o facer, se terá por desistido da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-*Instrución do procedemento e selección de solicitudes.*

Correspóndelles ás respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura e Turismo, a través dos servizos correspondentes, a instrución do procedemento de concesión de subvencións, desenvolvendo de oficio cantas actuacións consideren necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

A comisión de avaliación a que fai referencia o punto 4 do artigo 1º estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

-Vogais: en número de cinco, serán a subdirectora xeral de Difusión Cultural e Publicacións e un funcionario por cada xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo designados polo xefe territorial competente:

-Secretario: funcionario/a do Servizo de Promoción e Difusión Cultural.

A comisión valorará os expedientes con base nos seguintes criterios:

a) Número de programas ou actividades en relación coa poboación do concello solicitante, ata 10 puntos, e sempre e cando teñan como obxectivo:

-Actuacións con especial incidencia na xuventude e na infancia.

-Actuacións que contribúan á conciencia e á loita contra a violencia de xénero.

-A programación de actividades de fomento do libro e da lectura.

-A implantación de programación estable de artes escénicas e musicais (teatro, música, danza, maxia, monicreques, circo, etc.).

-Programas e actividades singulares non incluídos nos catro puntos anteriores.

b) Potencial número de beneficiarios/as do programa ou actividade, en relación co número de habitantes do concello ou grupo de concellos solicitantes: ata 5 puntos.

c) Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: superior ao 25% ata o 40%: 3 puntos; por importe superior ao 40% ata o 60%: 4 puntos; por importe superior ao 60%: 5 puntos.

d) Proxectos de programación de actividades culturais presentadas por dous ou máis concellos: ata 5 puntos.

e) Repercusión territorial do programa ou actividade: ata 5 puntos.

O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará proposta

de resolución motivada concedendo subvencións, ata o límite do crédito dispoñible, a aqueles solicitantes que obteñan una puntuación mínima que será fixada polo propio órgano instrutor, tras o exame das solicitudes. Así mesmo, utilizaranse criterios de repartición territorial por provincias de carácter equitativo que poderán ter en conta a situación sociodemográfica e o número de solicitudes. Esta resolución terá carácter de provisional cando concorran as circunstancias previstas no artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podendo instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

En caso de que existan empates na puntuación, valorarase en primeiro lugar o criterio do autofinanciamento e, no caso de que o empate se manteña, terase en conta a data de presentación da solicitude.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, adxudicando o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

#### Artigo 7º.-Resolución.

A competencia da resolución de concesión das axudas correspóndelles aos xefes territoriais da Consellería de Cultura e Turismo, de acordo co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Orde do 2 de maio de 2009 pola que se delegan competencias no secretario xeral e nos xefes territoriais da Consellería de Cultura e Turismo, ata o límite dos créditos que se desconcentren. O procedemento de concesión resolverase no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dítase a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado e a contía da axuda concedida. Os mesmos órganos resolverán os recursos potestativos de reposición que se interpoñan contra as resolucións por eles dítadas.

#### Artigo 8º.-Notificación e desestimación.

O prazo máximo para ditar resolución e notificarlles aos interesados a resolución expresa non poderá superar os nove meses, segundo establece o artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo contarase a partir da publicación desta convocatoria.

O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, llexítima o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

#### Artigo 9º.-Aceptación, xustificación e pagamento.

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante do beneficiario.

Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable, ao abeiro do disposto no artigo 25 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios deberán acreditar a realización dos proxectos subvencionados e xustificar a totalidade do orzamento antes do 1 de novembro de 2010. O cumprimento efectivo dos fins para os cales foi concedida a subvención acreditarase por medio da presentación de dúas copias da seguinte documentación:

a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida, de acordo co disposto no artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Fotocopia compulsada das facturas e xustificantes bancarios do seu aboamento ou certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade das ditas facturas.

c) Memoria explicativa, asinada polo representante da entidade, das actividades desenvolvidas en relación coa finalidade da axuda concedida, en que se describa a actividade realizada para desenvolver o proxecto subvencionado, así como os resultados obtidos, xuntando a documentación que acredite a súa realización efectiva así como a publicidade xerada, se é o caso.

3. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen ter presentado esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a existencia do

reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

#### Artigo 10º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios desta axuda quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto estarán obrigados:

a) A que a actividade subvencionada contribúa á normalización da lingua galega. As accións de difusión, publicidade e comunicación da actividade subvencionada desenvolveranse en galego.

b) A que, unha vez aceptada a axuda, deberán destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o cal foron concedidos, debendo comunicar á xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo que corresponda, o día e a hora da actividade subvencionada. A xefatura territorial poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos.

c) A facer constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada, sempre que sexan actividades posteriores á notificación da resolución de concesión da axuda, que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura e Turismo -Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura- utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia e a imaxe do Xacobeo 2010. Cumprirán, así mesmo, coa normativa vixente exixida para o depósito legal.

d) No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

e) O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Tamén quedan obrigados a axustar os contratos que subscriban con motivo desta subvención á lexislación pública de contratos e cos límites establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 11º.-*Anulación, reintegro da axuda e procedemento sancionador.*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando conorra calquera das circunstancias previstas no título II

da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura e Turismo instruírá expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### Artigo 12º.-*Recursos.*

Contra esta orden e contra os actos resolutivos referentes a ela, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditase o acto.

#### Artigo 13º.-*Publicidade.*

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. Consonte o artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltanse o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura e os xefes territoriais da Consellería de Cultura e Turismo para ditaren as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010.

Roberto Varela Fariña  
Conselleiro de Cultura e Turismo



PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CT204A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF/NIF	
ENDEREZO (para notificacións)		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO		ÁMBITO DA ENTIDADE	

## DATOS DO/A REPRESENTANTE

APELIDOS		NOME	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

## DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

Proxecto que se vai realizar:	
Ámbito territorial de realización do proxecto:	
Cantidade solicitada:	Contía do proxecto:

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- Certificado do secretario ou do interventor co orzamento de gastos para actividades culturais para este ano.
- Fotocopia do CIF do concello.
- Documentación acreditativa da representación.
- Declaración das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas no anexo II.
- Memoria das actividades culturais realizadas polo concello no ano 2009.
- Memoria detallada relativa ao programa ou actividade que se vai desenvolver.
- Calendario de execución do programa ou actividade.
- Orzamento desagregado do programa ou actividade.

## OBSERVACIÓNS

--

## Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Dá expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 22 de marzo de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
- E supletoriamente:
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38 do 2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

, de de 201

Xefe territorial da Consellería de Cultura e Turismo na provincia de

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

**DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS**

D./Dona , con DNI nº   
 en nome representación da entidade   
 con NIF nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter solicitado outras axudas públicas para o proxecto.
- Ter solicitado axudas e subvencións para este proxecto dos organismos que se relacionan a continuación.

**AXUDAS CONCEDIDAS**

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**AXUDAS SOLICITADAS**

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o/a representante DECLARA que non se encontra incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura e Turismo, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de 201

(Sinatura e selo da entidade)